

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 15/04/2021, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

Marta Cajide Barbeito

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.
- 3º.- Asuntos varios.

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **19:00** horas do día **15/04/2021** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 25 de Marzo de 2021 é aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por **JUAN LÓPEZ SENLLE**, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 666 de 8/04/2021) **para proceder á realización de obras consistentes no illamento pola parte interior do teito para evitar humidades, nunha vivenda** (Referencia Catastral 8504505MH7580S0001SD); mediante a ocupación de vía pública.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 13 de Abril de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por VICTOR MIGUEL ESCARÍS INSUA, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 566 de 26/03/2021) para proceder á realización de obras consistentes na construción dun peche de finca con valla metálica con portal de entrada e colocación de grava no solo da mesma (Referencia Catastral 8507405MH7580N0001MT); condicionada a:

-- Na colocación de grava manterase a rasante actual dos terreos.
--A cor a empregar no portal de entrada así como na valla perimetral deberán evitar os tonos rechamantes e que non harmonicen co entorno.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Abril de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por MARÍA GLORIA INSUA ESTÉVEZ, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 671 de 9/04/2021) para proceder á realización de obras consistentes na construción de beirarrúa de formigón perimetral á vivenda (Referencia Catastral 002501200MH7D0000GM).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 14 de Abril de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

Este acordo adóptase sen a presenza do Alcalde José Marcote Suárez pola razón de parantesco coa solicitante.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por MARÍA CRISTINA CANOSA INSUA, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 530 de 22/03/2021) para proceder á realización de obras consistentes na substitución de viguetas por outras novas dun porche existente na parte traseira da vivenda, levantandoo para nivelar o mesmo (Referencia Catastral 000300900MH75B0001TY).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Abril de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por SILVIA MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 524 de 22/03/2021) para proceder á realización de obras consistentes na substitución do azulexo existente por outro novo no cuarto de baño e cociña da vivenda, (Referencia Catastral 8406443MH7580N0001UT).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 26 de Marzo de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por JENIFER CANOSA LAGO, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 257 de 4/02/2021) para proceder á realización de obras consistentes na substitución de carpinterías exteriores existentes no balcón da fachada principal e fiestra lateral en pvc deteriorados e do mesmo material, nunha vivenda (Referencia Catastral 8803408MH7580S0011DB), condicionada a:

-- No acabado, se manteña solución formal e construtiva existente, así como as súas cores e acabamentos.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 13 de Abril de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.**

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por **JUAN PEREIRA INSUA**, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 532 de 22/03/2021) **para proceder á realización de obras consistentes no pintado das fachadas lateral e frontal na cor existente azul claro, nunha vivenda (Referencia Catastral 8607512MH7580N0001OT).**

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 29 de Marzo de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.**

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por **TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.**, con NIF A82018474 e domicilio social na Rúa Rio Neira, s/n.- 1ª Plta.- Lugo, (Rexistro de Entrada Titco. 103 de 20/08/2019) **para proceder á realización de obras consistentes na construción de 107 metros de canalización subterránea de 2c PVC 110 mm de diámetro, a realizar en beirarrúa, para instalación de comunicacións electrónicas, a emprazar na estrada AC-445 da Avenida de Galicia deste Termo Municipal de Fisterra; condicionada a:**

-- Informar ao Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada no Concello.

-- Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados, se fose o caco, con colectores axeitados, que de ser o caso serán descargados en vertedoiro autorizado.

-- Repoñerse ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais.

-- Teranse en conta na execución as condicións indicadas nas resolucións da Axencia Galega de Infraestruturas e a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Abril de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

3º.- Asuntos varios.

- REEMPLAZO DE TAXI

Visto o escrito presentado co número 2021-999-00000288 no Rexistro Telemático do Concello de Fisterra, de data 10/04/2021, de Entrada de Documentos por Ismael Montero Lago, no que comunica que substituíu o vehículo que tiña na licenza número 1 por outro de mellores características, marca Mercedes Benz, modelo V220D, matrícula ****07K****, e solicita que se tramite o cambio de vehículo na licenza municipal e na autorización interurbana.

Visto que no expediente consta a seguinte documentación:

- Copia do DNI.
- Copia do permiso de circulación e ficha técnica do vehículo.
- Xustificante profesional de tramitación de vehículos (Instrución DGT 20/V-142, de 19 de marzo, de Estado de Alarma).
- Copia da póliza do seguro con REALE SEGUROS e do recibo de pagamento.
- Copia do certificado de maiteiro e prazas.
- Xustificante de pago da cota de autónomos.
- Copia do certificado de non ter débedas coa AEAT e coa Facenda da Xunta de Galicia.
- Declaración de que posúe ordenador persoal, correo electrónico e sinatura dixital.
- Copia do Modelo 3030 do Imposto sobre o Valor Engadido, correspondente ao 4T/2020.
- Copia do Modelo 730 da Consellería de Facenda (Axencia Tributaria de Galicia), que xustifica o pago de 28,33 € pola taxa de outorgamento, transmisión, rehabilitación, cambio de residencia, troco ou modificación da autorización para o vehículo matrícula ****07K****.

Tendo en conta o establecido no artigo 26 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, do que se desprende que:

“1) Los vehículos que figuren identificados, a los que se adscriban las licencias de taxi y autorizaciones interurbanas de taxi para el ejercicio de la actividad, podrán ser reemplazados por otros, previa autorización del ente concedente, siempre que el vehículo que reemplace al anterior fuese más nuevo y reuniese las condiciones exigidas para la prestación del servicio.

2) Se desarrollará reglamentariamente el procedimiento para autorizar el reemplazo de vehículos y también para una adscripción temporal En el supuesto de avería o inutilización por un periodo de tiempo determinado.”

Asi mesmo, tendo en conta que o artigo 16.5 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, do que se desprende que:

“5) Previa solicitud da persoa interesada á que se lle outorgara unha licenza de taxi, a dirección xeral competente en materia de transporte da Xunta de Galicia, outorgaralle de maneira automática, a autorización interurbana de taxi.

A os efectos de unificar o comezo de vixencia de ambos títulos, a licenza de taxi estará condicionada na súa eficacia á data de outorgamento da autorización interurbana de taxi.”

Considerando: Que Ismael Montero Lago, viña exercendo a actividade de taxi coa licenza número 1 e no vehículo marca Ford, modelo S-MAX, matrícula ****28-H****, de 7 prazas.

Considerando: Que o novo vehículo é de marca Mercedes Benz, modelo V220D, matrícula ****07K****, de 7 prazas, queda acreditado que é máis novo e reúne as condicións esixidas para a prestación do servizo.

Por todo iso, á vista dos antecedentes, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda:

1º) Acceder ao solicitado por Ismael Montero Lago, e autorizar o remprazo do taxi coa licenza número 1 e poder realizar esta actividade co vehículo marca MERCEDES BENZ, modelo V220D, matrícula ****07K**** de 7 prazas.

2º) Dar traslado deste acordo á Dirección Xeral de Movilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, para o seu coñecemento e demais efectos.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

4º) Este acordo adoptase coa abstención da concelleira Soledad Vilela Romero ao ter parentesco co interesado.

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 20:00 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretaria, dou fe.